

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC) PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO "XESTIÓN SOSTIBLE E BAIXO UN ENFOQUE ECOSISTÉMICO DOS STOCKS DE POLIQUETOS DE INTERESE COMERCIAL EN GALICIA: VALORIZACIÓN DO RECURSO E AVANCE NO COÑECEMENTO DA SÚA BIOLOXÍA E ECOLOXÍA (POLYCHAETA II)"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro formalizou coa Universidade da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura, 8 de novembro de 2024, ata o 31 de outubro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Universidade da Coruña para a realización dun proxecto cuxo obxectivo principal é levar a cabo unha diagnose acerca dos patróns de explotación, comercialización e distribución, e uso dos poliquetos en Galicia, e acadar os obxectivos da proposta:

1. Estudar os patróns de explotación de poliquetos en Galicia por parte das diferentes confrarías de pescadores.
2. Estudar a cadea de valor dos poliquetos en Galicia, dende a primeira venda ata o consumidor final, atendendo aos patróns, criterios e canles de distribución, intermediación e venda por parte dos diferentes axentes e sectores de comercialización.
3. Estudar os patróns de uso dos poliquetos en Galicia por parte dos diferentes pescadores marítimos de lecer.



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3] – OIX: D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro

4. En base aos patróns observados nos estudos mencionados, realizar propostas de mellora na valorización do cebo autóctono, a través da aposta por un produto de proximidade, xestionado de xeito sostible, garantindo unha explotación respectuosa co medio ambiente e beneficiosa para as comunidades locais e os consumidores.
5. En base aos patróns observados no estudo do obxectivo 3, realizar un estudo prospectivo acerca da presenza de poboacións de miñoca coreana (*Perinereis sp.*) ao longo das nosas costas.
6. Confirmar que as especies de poliqueto que se están a explotar nos bancos galegos se corresponden coas catro especies contempladas na normativa (Orde de 18 de abril de 2006 pola que se regulan os plans de explotación específicos para poliquetos e se aproban os plans para a explotación de poliquetos no litoral de Galicia para o ano 2006).
7. Implementar, a modo de programa piloto, unha ficha para o rexistro das capturas de poliqueto por parte das confrarías baseada no Anexo AT2 que posibilite o emprego deste parámetro como medida indirecta da saúde dos stocks.
8. Investigar a conectividade de poboacións de *Diopatra neapolitana*, a especie de poliqueto intermareal máis importante na nosa comunidade dende o punto de vista do volume de capturas e ingresos derivados das mesmas, ao longo das costas galegas e determinar que factores constitúen barreiras ao fluxo xenético.
9. Estudar distintos aspectos ecolóxicos de *D. neapolitana* que contribúan á avaliación da saúde global do ecosistema mariño e que, por tanto, se poidan empregar como indicadores ecolóxicos na xestión da pesqueira.

En particular, o convenio regula os compromisos das partes para a execución conxunta das mencionadas actuacións, incluíndo a organización do traballo, a xestión e xustificación da realización das mesmas, os dereitos e obrigas das partes, a distribución dos fondos e a titularidade dos resultados, así como a resolución dos posibles conflitos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.





Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3] – OIX: D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

- Por Orde do 27 de xuño de 2022 créase a Rede entre o sector pesqueiro e os organismos científicos da Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de fomentar o intercambio e a transferencia de coñecementos entre os organismos científicos, o sector pesqueiro e a administración pesqueira de Galicia.
- O Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), establece o seguinte obxectivo para o período 21-27: "Manter a pesca como actividade produtora sostible mediante a xestión sostible e a conservación dos ecosistemas mariños". Por outra banda, a prioridade 1 do artigo 3 do citado Regulamento 2021/1139 fai mención a "fomentar a pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos", desenvolvendo obxectivos específicos entre os que se atopan: reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sostibles, obter datos fiables que permitan tomar decisións baseadas no coñecemento e contribuír á protección e á recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos.
- Os proxectos aprobados pola citada Rede financiaranse nun 70% con cargo ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).
- Na xuntanza extraordinaria da Rede celebrada o 2 de outubro de 2024, esta valorou positivamente a realización dun Convenio entre a Xunta de Galicia a través da Consellería do Mar e a Universidade da Coruña para levar a cabo unha diagnose acerca dos patróns de explotación, comercialización e distribución, e uso dos poliquetos en Galicia, considerando a realización da proposta presentada, aliñada coa finalidade da Rede, de interese para os seus participantes e para o sector pesqueiro en particular, así coma para o ben común e interese xeral.
- A Consellería do Mar e a Universidade da Coruña consideran esencial o establecemento de accións conxuntas co fin de identificar marcadores para levar a cabo unha diagnose acerca dos patróns de explotación, comercialización e distribución, e uso dos poliquetos en Galicia. A información derivada deste proxecto proporcionará unha avaliación do estado actual e evolución dos recursos e actividade pesqueira que proporcionará á Conse-





Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3] – OIX: D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro

llería do Mar e resto de integrantes da Rede o coñecemento necesario para mellorar a súa xestión e asegurar a sustentabilidade da pesca artesanal en Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Marta Villaverde Acuña

